

ANUNCIO

Na sesión celebrada o día 4 de febreiro de 2019, o tribunal do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de conserxe baixo a modalidade de funcionario interino, segundo as bases publicadas no BOP nº192 de 8 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

ACORDOS

“

1 O Tribunal por unanimidade acorda non valorar a reclamación presentada o día 31 de xaneiro por presentarse fora de prazo e desestimar as alegacións presentadas ao acordo do tribunal do día 23 de xaneiro de 2019, confirmando as decisións adoptadas ese día.

O exercicio consistiu na realización dun suposto práctico con catro partes as que se lle outorgaba 2.5 puntos a cada unha valorando, (como lles foi explicado ao inicio da proba) a precisión na resolución do suposto, así como a claridade e a brevidade na redacción.

Por tratarse na resolución de catro supostos prácticos, os aspirantes tiñan que demostrar dominar os conceptos de:

- *Coñecer unha instalación de calefacción e resolver un problema de purgado*
- *Completar un esquema eléctrico dunha instalación de chaves combinadas*
- *Coñecer o funcionamento e resolver unha avaría nun inodoro,*
- *Coñecer os procesos de impresión e fotocopiado de documentos.*

2 Convocar ás persoas aspirantes aptas que non acreditaran ter coñecementos en lingua galega (CELGA 2 ou equivalente), para a realización da terceira proba da fase de oposición o próximo xoves, día 7 de febreiro de 2019 ás 10 horas no salón de plenos do Concello de Muros. As persoas aspirantes deberán presentarse co DNI.”

Muros, 4 de febreiro de 2019

O secretario do tribunal